

Xesús Rábade Paredes

Xesús Rábade Paredes é un escritor galego que naceu en Seixas o 20 de Xaneiro de 1949. Comezou a traballar como carteiro e instalouse en Suiza. Logo dedicouse ao ensino da secundaria no IES Rosalía de Castro en Santiago.

Comezou moi novo a súa carreira literaria cultivando o ensaio, a narrativa e a poesía, publicou en *Os novísimos da poesía galega*. Traballou na normalización lingüística e cultural, na formación do profesorado, na reforma educativa, na elaboración de textos, na publicación en prensa de numerosos artigos e foi coordinador docente de Lingua Galega.

A súa obra foi antologada e traducida a varias linguas. Foi membro do colectivo de renovación poética Cravo Fondo e membro fundador do Pen Clube de Galicia.

Laura Mesa, Laura Valentina, Charlize Ambicho 4ESO E